

PROCEDEMENTO DE PRECOLEXIACIÓN

Introdución

Con obxecto de dar a coñecer o Colegio Oficial de Químicos de Galicia entre as persoas do último curso do Grao de Química na Universidade, crease este procedemento de precolexiación para dito alumnado. Co a precolexiación, o alumnado desfrutaría dun año de permanencia no Colexio Oficial de Químicos de Galicia coñecendo o seu funcionamento, as súas actividades e o que o Colexio pode aportar a o seu desenvolvemento profesional e á profesión química.

Este período de precolexiación durará 18 meses, empezando a contar dende o momento da firma da súa precolexiación. Una vez finalizado dito período, a persoa precolexiada poderá optar por seguir no Colexio Oficial de Químicos de Galicia ou non colexiarse.

A precolexiación rexerese por este procedemento:

ESTATUTOS DE PRECOLEXIACIÓN

Artigo 1º. Definicións

- **Precolexiado.** Calquera estudante, independentemente da súa condición sexual o xénero, que está realizando o último curso de Grao de Química na Universidade ou título afín que posibilite a súa colexiación no Colexio Oficial de Químicos de Galicia, con obxecto de, unha vez finalizado o curso, exercer a profesión química.
- **Colexio Oficial de Químicos de Galicia.** O Colexio Oficial de Químicos de Galicia (en adiante, o Colexio) é unha corporación de dereito público, con personalidade xurídica propia e con capacidade plena para o cumprimento dos seus fins e o exercicio das súas funcións. Os seus estatutos están recollidos no DECRETO 170/2019, do 5 de decembro, polo que se aproban os estatutos do Colexio Oficial de Químicos de Galicia.
- **Colexiado.** É toda persoa que, atendendo á definición indicada no artigo 3 dos estatutos do Colexio Oficial de Químicos de Galicia, indicado no Decreto 170/2019, do 5 de decembro, está colexiada no Colexio Oficial de Químicos de Galicia.

Artigo 2º. Ámbito de aplicación e Carácter da Precolexiación.

1. A precolexiación solo aplicarase ao alumnado do derradeiro curso da carreira con obxecto de que, durante a súa permanencia no Colexio, coñeza o seu funcionamento e as actividades e beneficios que supoñe, para o colexiado, a súa pertenza a esta Entidade.
2. A Precolexiación non implica que a persoa precolexiada sexa considerada colexiada nos termos indicado nos estatutos do Colexio Oficial de Químicos de Galicia (Decreto 170/2019, do 5 de decembro).

Artigo 3º. Servicios aos que ten dereito a persoa precolexiada

1. Asistir aos cursos organizados polo Colexio e a Asociación de Químicos de Galicia cos descontos aplicados a os colexiados e asociados.

2. Asistir aos congresos organizados polo Colexio e a Asociación de Químicos de Galicia beneficiándose dos descontos dos colexiados e asociados.
3. Recibir o Boletín semanal elaborado polo Colexio Oficial de Químicos de Galicia.
4. Participar na organización de eventos do Colexio e Asociación de Químicos de Galicia.
5. Presentarse ao Premio Manuel Bao sen necesidade de que o seu traballo teña o aval dun colexiado ou colexiada que lle dirixa o seu traballo.

Artigo 4º. Servizos aos que non ten dereito a persoa precolexiada

1. Non pode acceder á bolsa de emprego existente no Colexio.
2. Non pode acceder ao Seguro de Responsabilidade Civil Profesional que o Colexio ten para todas as persoas colexiadas.
3. Non acceder a la Mutua de Previsión Social de la profesión química.
4. Non pode acceder aos seguros que a Mútua de Previsión Social ofrece a todas as persoas colexiadas.

Artigo 5º. Outras funcións do Colexio aos que non ten dereito a persoa precolexiada

As persoas precolexiadas, ao non ser colexiadas de pleno dereito do Colexio Oficial de Químicos de Galicia e, polo tanto a ter a condición de colexiadas, non terá dereito a:

1. Formar parte da Xunta Directiva.
2. Participar nas reunións ordinarias e extraordinarias da Xunta Xeral.
3. Utilizar aqueles outros servizos reservados para as persoas colexiadas cando o seu uso poida supoñer un prexuízo para estas persoas.

Artigo 6º. Da precolexiación

1. A persoa que desexe ser precolexiada xustificará que está levando a cabo o derradeiro curso do Grao de Química, enviará o seu nome e apelidos con su DNI, todos os seus datos de contacto e o xustificante de pago (ver artigo 7.3).
2. Unha vez precolexiada se lle fará chegar o seu correspondente número de precolexiación. O número de precolexiación terá o seguinte formato: P-XX-YYZZ, onde:
 - P..... Indica que é precolexiado.
 - XX é o número de precolexiado.
 - YY é o mes en que se precolexiou.
 - ZZ é o ano de precolexiación.

Artigo 7º. Período de precolexiación

1. A precolexiación iniciase no momento en que se lles envía o número de precolexiado e finaliza o último día do mes en que cumpren os 18 meses nesa situación.
2. Alcanzado o Grao en Química, a secretaría do Colexio poñerase en contacto coa persoa precolexiada a fin de que tome a decisión de colexiarse ou abandonar o Colexio.
3. A precolexiación terá un custo de 20 euros, para cubrir os gastos administrativos, que serán abonados pola persoa precolexiada na conta do Colexio no momento de formalizar a precolexiación.

Artigo 8º. A transición da Precolexiación á Colexición.

Unha vez cumpridos os requisitos indicados no Decreto 170/2019, do 5 de decembro, polo que se aproban os estatutos do Colexio Oficial de Químicos de Galicia, poderá formar parte, con todos os dereitos e deberes, do Colexio Oficial de Químicos de Galicia.